

PEZA DO MES

setembro

2026



NENO SENTADO
ANTONIO FAÍLDE

Neno sentado. Antonio Faílde

Figura sentada, 30 x 22 x 30,5 cm

Barro cocido

Ca. 1940-1979

Antonio Faílde nace o 2 de xullo de 1907 en Ourense, na antiga rúa de Pena Vixía, actual Hernán Cortés, e recibe o bautismo ao día seguinte na igrexa da Trindade. Coa identidade do seu pai descoñecida, a súa nai Remedios ao pouco tempo emprende rumbo ás Américas, non sabéndose nunca máis do seu paradiro. Críase cos seus avós na parroquia de San Lourenzo de Piñor (Barbadás), desde neno axuda nos labores do campo e, con tan só oito anos, empeza a traballar como pinche nas canteiras próximas de Piñor, propiedade do mestre Montero, parente da súa avoa. Aquí descubre o oficio, e o manexo do mazo e do cicel cos que o neno tallará as súas primeiras obras. Ao desvelar que a súa paixón é o traballo coa pedra, comeza o seu interese por formarse e ingresa na Escola de Artes e Oficios da cidade, onde asiste ás clases de debuxo do seu director, Luis Fernández Pérez «Xesta». Vai combinar a súa formación co traballo nos talleres artísticos de Núñez no barrio do Couto, e no de Daniel Piñeiro, próximo ás Burgas. No primeiro, labrará principalmente madeira, por iso séntese máis cómodo no de Piñeiro, posto que aquí as súas creacións parten da pedra. Ademais, Piñeiro era un home de mundo, viaxara moito, preocupárase pola lectura de obras que servisen de complemento á súa formación e, por suposto, estivera na Escola de Belas Artes de San Fernando. Este perfil debeu de entusiasmar a Faílde e é probable que contribuíse a espertar nel a súa verdadeira vea artística.

Cara a 1926, Antonio xa conta con taller propio na cidade. A década dos vinte, e os anos previos á Guerra desdibuxan en Ourense un ambiente cultural realmente insólito para unha urbe tan reducida. É a época dourada da Xeración Nós, ese grupo de intelectuais afanados en integrar a cultura galega na europea. Vicente Risco, López Cuevillas, Otero Pedrayo, Arturo Noguerol, Blanco Amor, Álvaro de las Casas, entre outros moitos eruditos que cabería apuntar, propician ese ambiente de dinamización cultural, que a pesar da irrupción da Guerra Civil, logrou sobrevivir en maior ou menor grao ata os anos setenta. A cidade destaca por contar cun gran número de institucións culturais, publicacións periódicas de gran relevancia, onde no ámbito

cultural unha das máis sobresaíntes é a *Revista Nós*, activa ata 1936, que se alzaba como o órgano de expresión do grupo. Ademais, no núcleo urbano desenvolvíanse importantes e frutíferos faladoiros, que se fixeron especialmente activos na posguerra, con reunións en cafés como o Royalti, o Moderno, a Bilbaína, Hotel Roma, La Marquesina etc., nas que, como cabería esperar, participou Faílde.

En xaneiro de 1929 contrae matrimonio, froito do cal nacerán os seus dous fillos, Antonio e Miguel Ángel o primeiro falece de neno. A relación resultou un fracaso e antes dunha década a parella xa se separara. Pouco despois de casar, empeza o servizo militar na propia cidade, o que lle permite asistir ao seu taller no tempo libre. As súas mans van labrando lápidas sepulcrais, ménsulas, capiteis, cruceiros..., que é o que realmente lle reporta o sustento económico, mentres que os intres libres llos dedica á súa verdadeira paixón: a escultura artística.

En 1934 prodúcese un feito realmente importante na súa vida, a Deputación Provincial de Ourense pensiónao para que poida acudir a formarse á Escola Superior de Belas Artes de San Fernando en Madrid. A estancia sería de tres anos, prorrogables a outros dous, pero Faílde soamente estivo ano e medio. Diversas circunstancias, como a escaseza da pensión, os atrasos nos pagos, a morriña ou o ambiente de guerra que se vía vir, fixéronlle tomar a determinación de regresar á súa terra, estalando a contenda aos dous meses de volver á casa. Non acudiu á fronte, xa que unha enfermidade o tivo un tempo hospitalizado. Tras o tempo da súa recuperación, vai aproveitar para continuar cos proxectos do seu taller.

En 1940 consegue unha praza de profesor de Modelaxe e Baleirado na Escola de Artes e Oficios de Ourense, cargo que desempeña ata 1956 cando causa baixa voluntaria. Antonio expón por primeira vez a súa obra ao público en 1949, cando conta con 42 anos, e faino precisamente en Ourense, no Salón de Actos da Sociedade Orfeón Orensana. A mostra compoñíase de doce obras en pedra, cinco en madeira e catro de escaiola con pátina de bronce. Non conseguiu vender nada e talvez por esta decepción é polo que non volveu expoñer individualmente na súa cidade. Maior éxito cultivou ao ano seguinte na súa exposición de Vigo, na Sala Foto-Club da rúa Príncipe, na que presentou a obra exposta en Ourense, con algunha incorporación

nova. Nesta ocasión conseguiu vender catorce obras e, alén diso, a prensa deulle unha ampla cobertura ao evento, cunha acollida moi favorable por parte da crítica. Un ano máis tarde, en 1951, chega a súa primeira exposición internacional, pois consegue incluír sete pezas nunha mostra da Galería Velázquez de Bos Aires, que nun principio estaba concibida como unha colectiva de seis pintores galegos; Laxeiro, Díaz Pardo, Maside, Julia Minguillón, Prego e Pesqueira.

En 1953, expón co pintor Prego no Museo Arquelóxico Provincial de Ourense, aínda que a grande alegría achégalla, sen dúbida, nese mesmo ano a anhelada exposición na capital de España, na Sala Macarrón, na segunda quincena de outubro. Tivo moi boa acollida, cunha crítica favorable por parte da prensa, achegándolle en Madrid unha clientela fiel ata os seus últimos días. Ao ano seguinte, envía á II Bienal Hispanoamericana das Artes que tivo lugar na Habana, dúas pezas, pero a estas alturas o seu soño era realizar unha mostra individual en Barcelona, tras o éxito madrileño. Neste caso non puido ser, pero en 1955 lévase a cabo na cidade condal a III Bienal Hispanoamericana das Artes, na cal o artista contribúe novamente con tres obras a unha sorprendente exposición que reunía unhas tres mil obras de arte.

Faílde, artista xa sobradamente consolidado, é nomeado en 1957 membro da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, acentuando o seu prestixio artístico. A partir de entón, exposicións, encargos e éxitos non se deixan de suceder; en 1960, repite exposición en Madrid, neste caso na Sala da Dirección Xeral de Belas Artes, e oito anos máis tarde na Sala Goya do Círculo de Belas Artes. As súas dúas últimas mostras serán en Vigo; en 1973 na Sala da Caixa de Aforros Municipal, na que é digna de mención a modernidade do debuxo da contraportada do catálogo que lembra a Henry Moore. A última, en 1979, ano da súa morte, realizouse no mesmo espazo expositivo e case de forma paralela participa cunha obra na II Gran Exposición de Pintura e Escultura Galega, realizada en Caracas, na cal teñen cabida uns sesenta artistas galegos entre consagrados e novos.

O 8 de xuño de 1979 falece aos 71 anos e é sepulto no cemiterio de Santo Eusebio de Coles. Poucos anos despois, en 1986, inaugurábase en Vigo no edificio do teatro García Barbón unha antoloxía do

artista, coa gran novidade de doce pezas de bronce fundidas en Goián, no taller de Xoán Piñeiro, grazas ao patrocinio da Caixa de Aforros Provincial de Ourense. Desde entón, téñense organizado outras mostras coincidindo con efemérides, como a do centenario de 2007 de Ourense ou as de 2019 da Fundación Laxeiro e Ourense, entre outras.

Faílde emprega para as súas creacións madeira, barro e escaiola, pero onde se aprecia que se sente realmente a gusto é no traballo da pedra, especialmente o granito galego, fiel ás súas orixes. Se se analizan os catálogos das súas exposicións, pódese comprobar como o groso da súa obra é de pedra, mentres que os outros materiais son máis ben complementarios. Esta figura sentada de terracota, conserva unha modelaxe e unha composición moi similares a outras moitas que labra en pedra. O barro emprégao en ocasións para os seus bosquexos, pero tamén será o material elixido para outras creacións artísticas, tal e como o acreditan os catálogos das súas exposicións. Na súa obra non faltan as concesións ao románico e á cantería popular, con creacións de volumes pesados, formas redondeadas, suaves e pechadas. A Faílde non lle deberon de interesar demasiado as vangardas, máis ben preferiu experimentar entre o academicismo e a tradición, sen dúbida cun maior peso da última, aínda que, por suposto, evita caer no rexionalismo. Neste caso dispón unha figura sedente coas pernas entrecruzadas, que inclina o seu corpo cara ao lado esquerdo, mentres leva o brazo dereito cara atrás en ademán de colocarse, levantarse ou ocultar algo. A obra resulta arcaica e actual á súa vez, formulando unha interesante concepción esquemática e de síntese, na que cabe remarcar que toda a súa produción artística bebe das raíces da súa terra. Aínda que en ocasións de difícil identificación, sente preferencia pola representación de figuras femininas e infantís, así como o xénero do cotián, especialmente nos seus relevos.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado desde a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes, na historia da cidade de Ourense– e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, desde a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h.

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Ángel Domínguez López

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco